



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 peón forestal, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2024). Subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, convocatoria Aprol Rural 2024.

Núm. Admvo. Expte.: 2024/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000391

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunicou a este concello, con data do 19/04/2024, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 16.107,75 € para a contratación de 1 persoa a tempo completo por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, empregando a modalidade de contrato vinculado a políticas activas de emprego, ao abeiro da Orde do 29/12/2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 323/2024, de data do 07/05/2024 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 1 peón/peoa forestal para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 29/12/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2024.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2024-4530).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 365/2024, de 22/05/2024, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva por non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 27/05/2024 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a Miguel Alberto de Pinho Dias como peón forestal para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada con data do 28/05/2024, polo aspirante proposto Miguel Alberto de Pinho Dias establecida na base duodécima das bases de selección e sendo a mesma conforme.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Miguel Alberto de Pinho Dias, con NIE ***3163** como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de peón forestal no programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (subvencionado polo programa de fomento do emprego no medio rural, Aprol Rural, Expte. TR351G 2024/000046-1), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 03/06/2024 ata o 02/03/2025, ámbolos dous incluídos.

Segundo: De acordo coa base 10.4 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García